

V CONVOCATORIA

**AXUDAS DE INVESTIGACIÓN DA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CICA-INIBIC 2020:
AXUDAS PARA ASISTENCIA A CONGRESOS OU REUNIÓN CIENTÍFICAS PARA O PERSOAL
DOS GRUPOS DA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CICA-INIBIC**

RESUMO DE DATAS

| | |
|--|--------------------------------------|
| Período de asistencias aos congresos | 1 de xaneiro a 15 de outubro de 2020 |
| Fin prazo presentación de solicitudes | 30 de setembro de 2020 |
| Fin prazo entrega documentación pendente | 21 de outubro de 2020 |

Contido

| | |
|--|----|
| PREÁMBULO | 2 |
| 1. OBXECTIVO DA CONVOCATORIA..... | 3 |
| 2. ORZAMENTO..... | 3 |
| 3. NATUREZA E CONTÍA..... | 3 |
| 4. SOLICITANTES..... | 3 |
| 5. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES | 4 |
| 6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES..... | 4 |
| 7. AVALIACIÓN E SELECCIÓN: Criterios de avaliación..... | 4 |
| 8. RESOLUCIÓN E ALEGACIÓN..... | 6 |
| 9. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA PARA O PAGAMENTO | 6 |
| ANEXO I: GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CICA-INIBIC | 7 |
| ANEXO II: CONTÍAS MÁXIMAS..... | 8 |
| ANEXO III: FORMULARIO DE SOLICITUDE | 9 |
| ANEXO IV: DECLARACIÓN DE TER OU NON OUTRAS AXUDAS PARA O MESMO FIN | 11 |

V CONVOCATORIA

AXUDAS DE INVESTIGACIÓN DA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CICA-INIBIC 2020:

AXUDAS PARA ASISTENCIA A CONGRESOS OU REUNIÓN CIENTÍFICAS PARA O PERSOAL DOS GRUPOS DA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CICA-INIBIC

Financiadas polas axudas para Agrupacións Estratéxicas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia: Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC (nº expediente ED431E 2018/03) ([RESOLUCIÓN do 24 de outubro de 2018. DOG Núm. 210. Luns, 5 de novembro de 2018. Páx. 47950.](#))



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL**

Estas axudas, segundo a modificación da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e normas tributarias, están exentas deste imposto.

PREÁMBULO

Desde o nacemento da Universidade da Coruña, as áreas da Bioloxía e da Química son unhas das áreas de especialización máis importantes da UDC, tal e como o demostra a existencia de diversas titulacións e especialidades, que até foron potenciadas recentemente coa posta en marcha do Dobre Grao de Simultanidade de Química e Bioloxía. Co fin de potenciar á investigación nas ditas áreas, no ano 2010 iniciouse a construción dun novo centro de investigación, o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA). Desde o ano 2016 o CICA funciona como un centro de investigación da UDC centrado en catro liñas mestras relacionadas coas áreas da biotecnoloxía, a biomedicina, o medio ambiente e os novos materiais moleculares.

Por outra banda, o Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC) é un Instituto de Investigación Sanitario (IIS) constituído pola Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS), a Universidade da Coruña (UDC) e a Fundación Profesor Novoa Santos. Está acreditado desde o 10/03/2015 pola Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a proposta do Instituto de Saúde Carlos III e da Consellería de Sanidade conforme ao RD 339/2004. Compóñeno os grupos de investigación da Área de Xestión Integrada da Coruña e da Universidade da Coruña e busca crear un marco de colaboración estable que integre a investigación básica e clínica.

Como unha das liñas prioritarias do CICA é a investigación en biomedicina e varios dos seus grupos xa tiñan relación co Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC), a UDC decidiu apostar por unha agrupación entre o CICA e o INIBIC para permitir que a colaboración sexa máis eficaz, reunindo ademais recursos vitais para o bo funcionamento dos grupos.

Nesta marco, en novembro de 2015 a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia concedeu unha axuda á Agrupación Estratéxica (AE) CICA-INIBIC (AGRUP 2015/05), renovada posteriormente en 2018 (ED431E 2018/03). Un dos obxectivos que fomenta é o de aumentar o grado de internacionalización e excelencia da investigación a través da formación do seu persoal.

Ademais, no plan estratéxico da AE CICA-INIBIC, no “EIXE 4: Visibilización, promoción e marketing” aparece a seguinte acción “Plan de axudas para a asistencia a congresos internacionais. Descrición: axudas para á asistencia a congresos internacionais nos que os grupos adscritos realicen algunha actividade de presentación de resultados científicos (posters, ponencias, etc.)”. Cúmrese por tanto esta acción prevista no plan estratéxico.

1. OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

Favorecer a participación do persoal dos grupos de investigación da AE CICA-INIBIC, especialmente a de predoutorais e posdoutorais máis xóvenes, en congresos ou reunións científicas nacionais e internacionais para visibilizar os resultados dos traballos de investigación realizados pola AE e realizar un intercambio de coñecemento con outras entidades.

As reunións científicas, congresos, conferencias, etc. deberán contar con: Comité científico e Acta ou libro cos resumos dos traballos presentados.

2. ORZAMENTO

Estas axudas financiaranse con cargo á partida orzamentaria 6100242804 541A 64902.

O orzamento máximo dedicado a esta actividade é de 5.000,00 € (en caso de dispoñibilidade orzamentaria podería incrementarse). Concederanse tantas axudas como permita o orzamento da AE.

3. NATUREZA E CONTÍA

- Estas axudas están destinadas unicamente ao pago, parcial ou total, de **gastos de viaxe e de aloxamento**. **NON se sufragará o custo da inscrición nin a manutención**.
- As contías máximas que se aboarán con cargo a esta axuda figuran no [Anexo II \(páxina 8\)](#).
- O pagamento destas axudas tramitarase mediante o impreso de "[Indemnizacións por razón do servizo - capítulo VI](#) da UDC".
- Se quere optar a unha destas axudas e xa tramitou no seu centro de Asuntos Económicos (sexa na UDC, no INIBIC, na Fundación Profesor Novoa Santos ou noutro) algún gasto antes da concesión desta axuda, derivado da actividade á que asista, este **NON** poderá volver a ser tramitado.
- No caso de que a axuda concedida sexa parcial poderán complementarse os custos da viaxe e do aloxamento con cargo a proxectos de investigación en que participe a persoa solicitante ou outros fondos de investigación que estean relacionados directamente con esta acción e que recollan este concepto, sempre e cando o importe das cantidades percibidas, illadamente ou en concorrencia, non superen o custo total da actividade subvencionada. En todo caso, os gastos que se imputen a esta axuda non poderán ser xustificados noutros proxectos, fondos,...
- Esta axuda é **INCOMPATIBLE** con calquera outra concedida para a mesma finalidade, entre elas as concedidas pola UDC ou polo INIBIC.
- Soamente se concederá unha axuda anual por cada solicitante e para unha única actividade.
- A asistencia aos congresos deberá realizarse entre o **1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2020**.
- O pagamento realizarase segundo o procedemento establecido no apartado correspondente.

4. SOLICITANTES

Requisitos das persoas solicitantes:

- Formar parte dun grupo de investigación que pertenza a AE CICA-INIBIC ([Anexo I páxina 7](#)).
- Figurar no catálogo de investigación da UDC ou formar parte dos grupos do INIBIC.

5. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

Para a presentación das solicitudes deberase achegar (as copias NON terán que ser compulsadas):

- Anexo III: Formulario de solicitude ([páxinas 9 e 10](#)) (na páxina 10 figura todo o que debe entregar).
- Fotocopia do DNI.
- Copia da inscrición ao congreso ou reunión científica.
- Copia do traballo, póster, comunicación ou conferencia presentado ou que se vaia presentar.
- Xustificante da aceptación da comunicación no congreso ou reunión científica.
- Currículum no que se relaten de maneira ordenada os méritos de acordo cos [criterios de avaliación \(Currículum Vitae Abreviado modelo do Ministerio, CVA máx. 4 páx.\)](#) (NON será necesario xustificar os méritos, pero poderán ser solicitados de se considerar necesario).
- Documento xustificativo no que se acredite ser pai/nai de fillos/as menores de 3 anos (deberá cumprirse no momento do inicio do congreso ou reunión científica ao que asista).
- Anexo IV: Declaración de ter ou non outras axudas para o mesmo fin ([páxina 11](#)).
- Entregar a documentación que se indica no apartado “**Documentación xustificativa para o pagamento**” ([páxina 6](#)). Se a actividade aínda non tivo lugar, achegar a documentación de que se dispoña e unha **previsión dos gastos** nos que vai incorrer e para os que se solicita esta axuda.

6. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

- O prazo de presentación de solicitudes rematará **ás 14:00 h do 30 de setembro de 2020**.
- A documentación poderá enviarse por calquera dos seguintes medios:
 - o Por correo electrónico a: cica@udc.gal
 - o Por correo postal (dirección: CICA. As Carballeiras, s/n, Campus de Elviña. 15071 A Coruña).
 - o Entrega presencial no CICA (As Carballeiras, s/n, Campus de Elviña. 15071 A Coruña) en horario xeral de 8:30 a 14:30 h e de 09:00 a 14:30 h do 14 de xuño ao 30 de agosto.

Tanto no sobre, como no asunto do correo electrónico, deberá figurar obrigatoriamente o texto: **“Axudas congresos AE CICA-INIBIC 2020”**.

7. AVALIACIÓN E SELECCIÓN: Criterios de avaliación

- Avaliaranse todas as solicitudes que se reciban nun prazo non superior a 20 días que se contará a partir da data de remate de presentación das solicitudes.
- No caso de que o crédito destinado para estas axudas non sexa suficiente para atender todas as solicitudes aceptadas terán prioridade:
 1. As persoas solicitantes que non disfrutasen desta axuda nas convocatorias anteriores.
 2. Os/as estudantes predoutorais.
 3. As persoas con contratos posdoutorais da UDC ou do INIBIC de calquera modalidade, que leran a súa tese doutoral despois do ano 2007.
 4. As persoas que acudan a congresos ou reunións científicas internacionais.
 5. As persoas que acudan a congresos ou reunións científicas nacionais.

Unha vez establecida a prioridade estarase ao disposto nos criterios de avaliación.

- Non axustarse á convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada, será unha causa de desestimación da solicitude.

Criterios de avaliación

1. As solicitudes avaliaranse sobre un máximo de 100 puntos, segundo a seguinte puntuación:

1.1. Persoal investigador predoutoral:

- Expediente académico (grao e mestrado): até 30 ptos.
- Publicacións científicas: até 20 ptos.
- Asistencia a congresos: até 5 ptos.
- Bolsas ou axudas disfrutadas (Erasmus, Séneca, de colaboración en Departamentos ou Institutos, de colaboración en proxectos de investigación, etc.): até 10 ptos.
- Coñecementos de idiomas avalados por títulos oficiais, premios e outros méritos: até 10 ptos.
- Tipo de congreso: até 10 ptos. (internacional: até 10 ptos. e nacional: até 5 ptos).
- Tipo de participación no congreso/conferencia: até 15 ptos (presentación oral: até 15 ptos e presentación mediante póster: até 7,5 ptos).

1.2. Persoal investigador doutor (referido só ao período 2014-2019):

- Publicacións científicas no JCR: até 30 ptos.
- Participación en proxectos de investigación e/ou contratos con empresas: até 25 ptos.
- Estadías noutros centros de investigación ou universidades: até 15 ptos.
- Autor/a en patentes: até 10 ptos. (internacional: até 10 ptos. e nacional: até 5 ptos).
- Tipo de participación no congreso/conferencia: até 20 ptos. (presentación oral: até 20 ptos. e presentación mediante póster: até 7,5 ptos).

2. As persoas solicitantes con fillos/as menores de 3 anos obterán 10 puntos a maiores.

3. As persoas que participen activamente na Agrupación obterán até 10 puntos a maiores (referido á persoa solicitante ou ao grupo ao que pertence).

De mais a menos puntuación:

- 5 puntos: por realizar proxectos con outro/s grupo/s da AE CICA-INIBIC, incluídas as solicitudes das convocatorias públicas.
- 4 puntos: por enviar as memorias para a xustificación da axuda da AE CICA-INIBIC e os datos que se soliciten no prazo requerido.
- 4 puntos: por participar en actividades organizadas pola AE CICA-INIBIC (seminarios, cursos de formación, actividades de divulgación científica, etc.) tanto como poñente como asistente.
- 3 puntos: por poñer a disposición doutros grupos da AE CICA-INIBIC as infraestructuras e equipos de análise propios.
- 3 puntos: por participar en comités ou reunións da AE CICA-INIBIC.

8. RESOLUCIÓNS E ALEGACIÓNS

Publicación da relación de solicitudes admitidas e excluídas

Poderá consultarse na páxina web do CICA (<https://cica.udc.gal/gl/convocatorias>). As solicitudes pendentes de completar documentación disporán de 3 días naturais, a partir da data de publicación, para achegar os documentos preceptivos. No caso de non o facer, considerarase desistida na súa petición.

Publicación da resolución de concesión

Poderá consultarse na páxina web do CICA (<https://cica.udc.gal/gl/convocatorias>).

9. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA PARA O PAGAMENTO

A continuación detállanse os documentos que hai que achegar, xunto coa solicitude, para poder avaliar o coste orixinado pola asistencia á actividade, así como o importe financiable con cargo a estas axudas.

- Documentos xustificativos orixinais do pagamento dos gastos de viaxe e de aloxamento: **só serán válidos como documentos xustificativos FACTURAS debidamente expedidas a nome da persoa que solicita a axuda**, segundo figura na normativa a tal respecto da UDC, **NON** se admitirá ningún outro tipo de documento. (Plataformas tipo Airbnb, en caso de contratar a través delas, asegurarse de que a persoa anfitrioa proporciona factura polo servizo.)
- Presentación dos orixinais dos billetes (avión, tren, autobús, metro...), tarxetas de embarque, recibos de autopista (uso obrigatorio de autopista se o traxecto o permite) e combustible (só no caso de que o desprazamento non se realice por autopista para demostrar a realización do traxecto).
- Copia do certificado de asistencia ao congreso ou reunión científica onde figure o nome da persoa solicitante. O incumprimento desta obriga poderá ocasionar o reintegro da axuda.
No caso de que o certificado non faga constar a participación, será necesario acreditarla mediante copia da referencia do libro de actas donde se recolla a participación da persoa solicitante, ou outro medio donde se faga constar a mesma ou documento de aceptación da participación activa no mesmo (correo electrónico, carta xustificativa, etc).
- Copia do resgardo da matrícula no curso académico actual (só para estudantes).
- Copia da vinculación coa UDC (só para persoas bolseiras, contratadas,...).
- Impreso de alta na base de datos do programa de asuntos de económicos da UDC para poder efectuar o pago (só para aquelas persoas que non estean xa dadas de alta), coa constancia da entidade financeira ou achegar unha certificación en documento independente do propio banco ou caixa ([impreso para residentes](#) e [impreso para non residentes](#)).
- **Previsión de gastos:** se a actividade aínda non tivo lugar, achegar a documentación de que se dispoña, xunto cunha previsión dos gastos nos que vai incorrer e susceptibles de ser financiados con cargo a estas axudas, e achegar o resto da documentación, como moi tarde, o **21 de outubro de 2020**.

A axuda farase efectiva á persoa interesada tras a súa concesión e tramitación a asuntos económicos.

(O pagamento destas axudas tramitarase mediante o impreso de "[Indemnizacións por razón do servizo - capítulo VI](#)" da UDC. Se quere optar a unha destas axudas e xa tramitou no seu centro de Asuntos Económicos algún gasto antes da concesión desta axuda, derivado da actividade á que asista, este NON poderá volver a ser tramitado).

ANEXO I: GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CICA-INIBIC

1. Bioenxeñaría Ambiental e Control de Calidade (BIOENGIN)
2. Bioloxía Costeira (BIOCOST)
3. Diagnóstico condutual e molecular aplicado á saúde (DICOMOSA)
4. Enfermidades Cardiovasculares e Metabólicas
5. Envellecemento e Inflamación (ENVEINF)
6. Enxeñaría Química Ambiental (EnQA)
7. Estudio e Aplicacións das Microalgas (MICROALGAE)
8. Enfermidades Endócrinas, Nutricionais e Metabólicas (FENM)
9. Fisioloxía e Aplicacións das Plantas (FISAPLANT)
10. Grupo de Investigación en Bioloxía Evolutiva (GIBE)
11. Grupo de Investigación en Cambio Ambiental (GRICA)
12. Grupo de Investigación en Microbioloxía Clínica
13. Grupo de Investigación en Reumatoloxía (GIR)
14. Grupo de Investigación Traslacional en Comunicación e Sinalización Celular (CellCOM)
15. Metais no Medio Ambiente e Medicina (METMED)
16. Neuroanatomía de Vertebrados (NEUROVER)
17. Neurociencia e Control Motor (NEUROcom)
18. Plasticidade Epitelial e Metástase (EPMET)
19. Química Analítica Aplicada (QANAP)
20. Química Molecular e de Materiais (QUIMOLMAT)
21. Reactividade Química e Fotorreatividade (REACT!)
22. Regulación da Expresión Xénica e Aplicacións (EXPRELA)
23. Terapia Celular e Medicina Rexenerativa (TCMR)
24. Xenética de Organismos Mariños (XENOMAR)
25. Xestión Sostible dos Recursos Hídricos e do Solo (AQUATERRA)

ANEXO II: CONTÍAS MÁXIMAS

CONTÍAS MÁXIMAS PARA OS GASTOS DE VIAXE

Para compensar as contías derivadas dos gastos de viaxe estarase ao disposto no recollido no [“Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre indemnizaciones por razón del servicio. BOE núm. 129, de 30 de mayo de 2002 \(Referencia: BOE-A-2002-10337\). Texto consolidado, última modificación: 30 de octubre de 2015”](#), así como en toda a normativa que a este respecto aplique a UDC e tendo en conta os seguintes límites máximos, independentemente do medio de transporte que se empregue (avión, tren, autobús, vehículo particular...):

| Destinos | Contías máximas |
|--|-----------------|
| Cidades españolas | 200 € |
| Cidades europeas con conexión directa desde aeroporto galego | 300 € |
| Resto de Europa | 400 € |
| Resto do mundo | 500 € |

No caso de empregar vehículo particular a indemnización é de 0,19 €/km recorrido.

Non obstante, en caso de dispoñibilidade orzamentaria, as contías máximas poderían incrementarse para tratar de cubrir aqueles casos que poidan exceder os límites fixados.

CONTÍAS MÁXIMAS PARA OS GASTOS DE ALOXAMENTO

Para compensar as contías derivadas dos gastos de aloxamento estarase ao disposto no recollido no [“Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre indemnizaciones por razón del servicio. BOE núm. 129, de 30 de mayo de 2002 \(Referencia: BOE-A-2002-10337\). Texto consolidado, última modificación: 30 de octubre de 2015”](#), así como en toda a normativa que a este respecto aplique a UDC e tendo en conta que con **cargo a esta axuda só se financiarán un máximo de 3 noites.**

Non obstante, en caso de dispoñibilidade orzamentaria, o número máximo de noites podería incrementarse para tratar de cubrir aqueles casos que poidan exceder o límite fixado.

ANEXO III: FORMULARIO DE SOLICITUDE

Anexo III (páx. 1 de 2)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| | | | |
|---|--------------------|-------------|--|
| APELIDOS | | NOME | |
| NIF/NIE | ENDEREZO | | |
| LOCALIDADE | PROVINCIA | CÓD. POSTAL | |
| TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO | | |
| GRUPO DA AGRUPACIÓN AO QUE PERTENCE | | | |
| RELACIÓN LABORAL CO CICA OU INIBIC (Bolseiro, contratado con cargo proxecto/convenio, PDI, investigador predoutoral, etc.) | | | |

DATOS DO CONGRESO AO QUE VAI ASISTIR

| | |
|---------------------------------------|------------------------|
| TÍTULO: | |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN (CIDADE E PAÍS): | DATA/S DE CELEBRACIÓN: |

Solicito participar na convocatoria de "Axudas para asistencia a congresos ou reunións científicas para o persoal dos grupos da Agrupación Estratégica CICA-INIBIC", acepto as bases da convocatoria, manifesto que son certos todos os datos desta solicitude e comprométome, en caso de obter a axuda, a cumprir as condicións que se especifican nas bases da convocatoria.

A Coruña, de de 2020
(sinatura do/a solicitante)

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A ESTA SOLICITUDE (as copias NON terán que ser compulsadas):

- Fotocopia do DNI.
- Copia da inscrición ao congreso ou reunión científica.
- Copia do traballo, póster, comunicación ou conferencia presentado ou que se vaia presentar.
- Xustificante da aceptación da comunicación no congreso ou reunión científica.
- Currículum no que se relaten de maneira ordenada os méritos de acordo cos [criterios de avaliación \(Curriculum Vitae Abreviado modelo do Ministerio, CVA máximo 4 páxinas\)](#). (NON será necesario xustificar os méritos, pero poderán ser solicitados de se considerar necesario)
- Documento xustificativo no que se acredite ser pai/nai de fillos/as menores de 3 anos (deberá cumprirse no momento do inicio do congreso ou reunión científica ao que asista).
- Anexo IV: Declaración de ter ou non outras axudas para o mesmo fin ([páxina 11](#)).

Documentación xustificativa para o pagamento:

- Documentos xustificativos orixinais do pagamento dos gastos de viaxe e de aloxamento: **só serán válidos como documentos xustificativos FACTURAS debidamente expedidas a nome da persoa que solicita a axuda**, segundo figura na normativa a tal respecto da UDC, **NON** se admitirá ningún outro tipo de documento. (Plataformas tipo Airbnb, en caso de contratar a través delas, asegurarse de que a persoa anfitroia proporciona factura polo servizo.)
- Presentación dos orixinais dos billetes (avión, tren, autobús, metro...), tarxetas de embarque, recibos de autopista (uso obrigatorio de autopista se o traxecto o permite) e combustible (só no caso de que o desprazamento non se realice por autopista para demostrar a realización do traxecto).
- Copia do certificado de asistencia ao congreso ou reunión científica onde figure o nome da persoa solicitante. O incumprimento desta obriga poderá ocasionar o reintegro da axuda. No caso de que o certificado non faga constar a participación, será necesario acreditarla mediante copia da referencia do libro de actas donde se recolla a participación da persoa solicitante, ou outro medio donde se faga constar a mesma ou documento de aceptación da participación activa no mesmo (correo electrónico, carta xustificativa, etc).
- Copia do resgardo da matrícula no curso académico actual (só para estudantes).
- Copia da vinculación coa UDC (só para persoas bolseiras, contratadas,...).
- Impreso de alta na base de datos do programa de asuntos de económicos da UDC para poder efectuar o pago (só para aquelas persoas que non estean xa dadas de alta), coa constancia da entidade financeira ou achegar unha certificación en documento independente do propio banco ou caixa. ([impreso para residentes](#) e [impreso para non residentes](#)).
- Previsión de gastos:** se a actividade aínda non tivo lugar, achegar a documentación de que se dispoña, xunto cunha previsión dos gastos nos que vai incorrer e susceptibles de ser financiados con cargo a estas axudas e achegar o resto da documentación, como moí tarde, o **21 de outubro de 2020**.

(O pagamento destas axudas tramitarase mediante o impreso de "Indemnizacións por razón do servizo - capítulo VI" da UDC. Se quere optar a unha destas axudas e xa tramitou no seu centro de Asuntos Económicos algún gasto antes da concesión desta axuda, derivado da actividade á que asista, este NON poderá volver a ser tramitado).

ANEXO IV: DECLARACIÓN DE TER OU NON OUTRAS AXUDAS PARA O MESMO FIN

(Cadro A) Declaración doutras axudas solicitadas/concedidas para o mesmo fin:

| Organismo | Tipo de axuda | Euros |
|---------------------------------------|---------------|-------|
| | | € |
| | | € |
| Total | | € |
| Sinatura do/a declarante/solicitante, | | |
| Asdo.: | | |

(Cadro B) Declaración de non ter solicitadas/concedidas outras axudas para o mesmo fin:

| |
|--|
| <p>D./D.^a (Nome e apelidos)_____</p> <p>como solicitante dunha das "Axudas para asistencia a congresos ou reunións científicas para o persoal dos grupos da Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC" declaro que:</p> <p>Non solicitei nin se me concederon axudas para a mesma finalidade.</p> |
| <p>Sinatura do/a declarante/solicitante,</p> <p>Asdo.:</p> |

Manifesto que son certos os datos declarados neste documento e comprométome a actualizar calquera información sobre outras axudas solicitadas/concedidas para o mesmo fin das que teña coñecemento en data posterior á sinatura deste documento.

A Coruña, de de 2020
(sinatura do/a solicitante)

Asdo.: